



Institución Galega de Ciencia



Como crear vídeos interactivos en Youtube.
Xacobo de Toro e Susana Vázquez.



Como crear vídeos interactivos en Youtube: un exemplo a partir dos recursos da canle educaBarrié

Xacobo de Toro Cacharrón

Susana Vázquez Martínez

No obradoiro avaliaremos unha das novas funcionalidades que nos ofrece YouTube: as ferramentas “Anotacións” e “Edición” e empregaremos os recursos en vídeo dos que dispón educaBarrié na súa canle de YouTube.

Desde educaBarrié, a canle educativa da Fundación Barrié, estamos interesados en compartir coa comunidade educativa recursos que dispoñemos en vídeo das distintas áreas e que son directamente aplicables na aula. Exemplo disto son a conferencia divulgativa de Francisco Prado sobre o Pórtico da Gloria, a charla sobre xenómica no mundo contemporáneo polo profesor Carracedo ou a entrevista ao premio Nobel de Economía Joseph Stiglitz utilizada como soporte dunha secuencia didáctica.

Para facilitar a descarga dos vídeos e que se poidan empregar comodamente no día a día das clases como recurso, no obradoiro desenvolvido fixemos un canal propio no que se subiu un vídeo descargado de educaBarrié na canle do usuario para practicar as ferramentas de edición de Youtube e avaliar as posibilidades didácticas da ferramenta “Anotacións”, a cal permite engadir enlaces e textos sobre a imaxe en movemento..

Deste xeito, o profesor sempre que soba un vídeo pode destacar ou resaltar, pausar, por un intervalo de tempo, engadir cuestións ou mesmo facer anotacións sobre o vídeo no momento en que se produce un feito relevante que quere salientar ou preguntar.

Esta ferramenta tamén permite enlazar uns vídeos con outros (só se poden enlazar vídeos que xa se atopen aloxados en YouTube) para crear redes de vídeos.

Para axudar aos asistentes, fixemos unha serie de tutoriais e videotutoriais de como se realiza a descarga dun vídeo empregando o plugin para modzilla de Dowload helper e un de como editar os vídeos e aproveitar todas as funcionalidades de youtube.

Tutorial de inicio en Youtube. Descargar e subir vídeos. Edición de anotacións.

1. Abrir unha conta en Google ou Youtube.

Fai unha conta en Youtube, se é que non a fixeches xa.

Lembra que agora é unha conta Google que te vale para o resto dos servizos que ofrece.

2. Como descargo un vídeo dunha web?.

Existen moitos xeitos. Un doado e rápido é empregando un complemento para o navegador Mozilla Firefox chamado Video Dowload Helper.

Unha vez instalado, sobre o vídeo e na barra do navegador aparecerá una icona cadrada con tres pelotíñas de cor gris que se tornaran de cores cando existe un vídeo que se pode descargar:



Se non te aclaras, podes visualizalo desde o seguinte vídeotutorial:

Vídeotutorial Download helper

<http://youtu.be/0MkSuJXRxgk>



3. Como subo un vídeo a Youtube?.

Podes escoller a opción webcam, para subir directamente o vídeo desde o teu terminal e logo facerlle pequenas edicións desde o apartado “Edición” que ofrece YouTube ou subir vídeos que teñas descargado (co permiso do autor ou polo tipo de licenza CC) ou editado tí mesmo. Se non sabes, axúdate co vídeotutorial:

Vídeotutorial subindo vídeo a Youtube

<http://youtu.be/z7iCR79G9PA>



4. Como edito anotacións en Youtube?

Elaboramos uns completos vídeotutoriais nos que paso a paso, vense os diferentes tipos de anotacións e como podemos facer para aplicarllos nós mesmo aos nosos vídeos.

Vídeotutorial anotacións en Youtube

<http://youtu.be/Ce2hQtn3PAo>



Recursos audiovisuais empregados

educaBarrié en Youtube

<http://www.youtube.com/user/educaBarrie>



Presentación de alumnos empregando vídeo con anotacións nunha actividade de ciencias da Natureza de 1º da ESO. CPi Conde de Fenosa

<http://www.youtube.com/watch?v=4A6ZeBJ8kms&feature=share&list=PLC485E7F0931D37CF>





Institución Galega de Ciencia



Obradoiro de localización de Trasnó.
En primeiro plano, Enrique Estévez.



Salvador Naya Fernández, Estatística con R.